



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

- E ao San Antonio non lle rezaban algo e lle cantaban tamén?

A novena a San Antonio.

- Si. E o canto del non se acordará?

Era moi hermosa, moi hermosa. Ai, se a dera cantado. Témola cantado moitas veces porque (...) Cantaban, marabillosamente. O cura era vello, e claro, levabas pra onda eles e dábaselle o libro pra que eles cantasen os primeiros pés e despois as outras respondiamos atrás. E levábase sempre.

- E non se acorda de ningún pé?

Algo acordo, oh. Se os dera cantado, canto coma... (...) Non me acordo como é.

- Divino Antonio Precioso, ou algo así.

De una que no creía
que le perdonase Dios.

Tomaste vos sobre vos
la pena que merecía.

Al tomarla el mismo día
le hizo Dios mil favores.

Pero esto son os pés de diante. E despois nós atrás respondiamos:

Humilde y ghlorioso Antonio,
rogad por los pecadores.

Era unha delicia ir á ighlesia porque todo o mundo cantaba o máis algo que daba. Homes, mozos e mozas.

- E despois volvía outra vez o deles, non?



E volvía outra vez noutros pés:

Sois de Jesús tan amado
que a solas con el jughais.

Esto era a San Antonio.

Haciendo porque llamas
su pro.. te reghala.

Su celador estimado
y los de sus confesores.

E atrás o pueblo:

Humilde y ghlorioso Antonio,
roghad por los pecadores.

Pero e que parece que se lle decía con intención, coma se tuveramos a San Antonio diante.

Vuestra palabra divina,
forzó a los peces del mar.

Que salieron a escuchar
vuestro sermón y dotrina.

Y fue tan peregrina
que estirpó diez mil errores.

Ai, mira como te estraña o capón. Colles esta bordesca e dalle para atrás! (...) Estes son los peces del mar, que salieron a escuchar vuestro sermón y dotrina. (...) Era unha pecadora que se veu, xa parecía que non había perdón pra ela e ofreceuse a San Antonio. Entonces San Antonio, pideulle a Dios por el, e cando di: De una que no creía que le perdonase Dios, sabes? Tomastes vos sobre vos, la pena que perecía. San Antonio, colleu el a pena que merecía ela. Eses xa son os milaghres que facía San Antonio.